

# 27 HISTORIAS PARA TOMAR A SOPA

Textos de **URSULA WÖLFEL**

Ilustracións de **PABLO BERNASCONI**

Tradución de **PACO MIRANDEIRA**

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 72 páx. 14 €.

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

[27 historias para tomar a sopa](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-494-1. Sete Leguas.

[27 historias para tomar la sopa](#) (castelán)

ISBN 978-84-8464-495-8. Siete Leguas.

[27 histórias para comer a sopa](#) (portugués)

ISBN 978-972-8781-52-1. Sete Léguas.

*Unha vez un neno non quería tomar a sopa. A nai díxolle:*

*«Voucha dar eu». Entón o neno respondeu: «Está moi quente!».*

*A nai remexeu a sopa. Agora xa non estaba quente.*

*Pero entón o neno virou a cabeza e repuxo:*

*«Non teño fame. Non quero comer. Quero xogar».*


*Daquela a nai empezou a contarlle un conto*

*para que tomase a sopa...*

A apaixonante historia da máquina de saltos-xira-balanceadora-tocabuguinas, os gustos culinarios das vacas, o temor a voar dunha bolboreta recién nacida ou a xenerosidade dun esquío cunha familia de ratiños campestres son algúns dos relatos breves -pero de intenso sabor- que vai debullando unha nai para abrir o apetito do seu fillo.

As narracións humorísticas de Ursula Wölfel complétanse coa sorprendente proposta gráfica de Pablo Bernasconi, de luminoso colorido, coas técnicas da colaxe e da fotomontaxe. Para tomar a sopa, ir á cama, bañarse... calquera actividade volverase irresistible se a precede algún destes contos, de linguaxe sinxela.

O gato que comía flan de chocolate, a lebre que salvou as demais dos cazadores grazas á agudeza das súas grandes orellas, os avatares dun coche de xoguete que caeu nas galerías subterráneas dunha toupa... Úrsula Wölfel amosa neste libro -o primeiro dunha divertida serie- a súa habilidade para conectar coa sensibilidade infantil e captar a súa atención.



■ **Temática:** relatos breves de humor.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** humor, escrita creativa; colaxe; da autora de [“28 historias para rir”](#) e [“29 historias disparatadas”](#) (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

[http://bit.ly/27historiasKlKg\\_avance](http://bit.ly/27historiasKlKg_avance)

## Ursula Wölfel

(Ruhrgbiet, 1922 - Heidelberg, 2014)

Estudou Filoloxía Alemá, Pedagogía e Historia en Heidelberg. Trala II Guerra Mundial foi axudante de escola e traballou nun colexio de educación especial en Darmstadt. En 1959 escribiu o seu primeiro libro infantil e ao ano seguinte centrouse na investigación deste xénero literario. Recibiu moitos galardóns, como o Premio Especial de Literatura Infantil e Xuvenil en Alemaña (1991) por toda a súa obra.

<http://www.ursula-wölfel.de>

## Pablo Bernasconi

(Bos Aires, 1973)

Estudou Deseño Gráfico na Universidade Nacional de Bos Aires, onde tamén foi profesor. Dedicase á ilustración dende 1998. A súa obra publicouse en xornais de todo o mundo. Recibiu premios da Society of Newspaper Design, a Sociedade Interamericana de Prensa e o Arquivo Luezer de Alemaña elixiuo en 2005, 2008 e 2011 entre os 200 mellores ilustradores do mundo. Foi seleccionado para a Bienal de Bratislava e a Feira do Libro Infantil de Boloña. Os seus traballos están recomendados por ALIJA e polo Banco do Libro de Venezuela.

<http://www.pbernasconi.com.ar>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com